


# O ESPIGONCIÑO



Día das Letras Galegas

Manuel María  
2016



Un poema de Manuel María

Que estas lendo?

Le os poemas que hai aqui



Andrea Fontela 6ºA

# O ESPIGONCIÑO

---

Como todos os anos o 17 de maio celébrase o día das letras galegas, este ano dedícaselle a Manuel María que naceu na provincia de Lugo (1929-2004), un gran escritor galego que loitou pola súa lingua.

Andrea Breijo 6ºA

## A IMPORTANCIA DA NOSA LINGUA

Cada vez hai menos xente que fala en galego. Por iso, é importante dicilo, dicir que quen fala en galego ten un tesouro! Ti falas en galego? Mira ao teu redor, alguén fala en galego no teu colexio? Fala en galego e fai que os demais se dean conta de que a nosa lingua se está perdendo! É importante que a xente se encha de orgullo e diga: Eu son galego!

Laura 6ºA

Este vai ser o noso último ano de colexio; polo tanto, o noso último *Espigonciño* así que está feito con moito cariño, para este GRAN COLEXIO cuns GRANDES PROFESORES!

Manuel Fraguela Castro 6ºA



## **Sumario**

---

Ano Internacional do Entendemento Mundial.....	5
As ras.....	12
Descubrinto a Kandinsky.....	15
Entroido.....	17
Un disfrace para o Entroido.....	20
Semana da prensa .....	25
Excursión á granxa de Belelle.....	28
Visita ao super Eroski de Cariño .....	31
Entrevista: Emily Jolly.....	35
Actividades do equipo ACE .....	38
Traballando o “Stop Motion” .....	40
Actuación de Alvies .....	43
Biblioteca .....	45
Proxecto: “Telexornal”.....	49
Obradoiro: reciclaxe de camisetas.....	50
O recuncho da cociña .....	51
Deportes.....	52
Pasatempos .....	54











Año Internacional do Entendemento Mundial.



2016 AO 1E40AO  
 2016 ANO INTERNACIONAL DO  
 EFPMOVA  
 ENTENDIMENTO MUNDIAL  
 NA A SO OS OS A E A OS  
 CLASE DOS UUA ACHEGÁMONOS  
 AOUA AL OUTRAS CUE UUA AC A FE  
 A FE O A FE O A IS D GRACIAS A FE  
 TEMOS COMPAÑEIRO D DE PAISES DE TODO O  
 UO (XABI)  
 MUNDO

EO E NO EOTO OJE O O USU  
 ENTROIDO COÑECIMOS COUSAS DA  
 UIA (JESUS)  
 INDIA





BRASIL RUMANIA (HUGO) INDIA CHINA



JUAN



EDUARD



OSCAR







DE VISITOUNOS A NAI DE EDUARD (MANUEL)

QUILVIL (MIGUEL) CHAMASE ANA

APRENDIMOS A DICIR

GRACIAS MULTUMESC

CHOLA BUNA

ADIOS LA REVEDERE

FELIZ NAVIDAD (MAYRA)

GRACIUN FERICIT





D O CM ED SAID JUES  
 DE BRASIL VISITOUNS ANAI DE JUAN QUE  
 MT. P (CARLOS)  
 SE CHAMA CLEIDE.



ADIDA  
 APRENDIMOS A DICIR

AIA GRACIAS OBRIGADO  
 O EOIA BOM DÍA  
 BUENOS DÍAS  
 RA PERÚ  
 PAVO (LAIRA)







D LHA IIOO FA  
DE CHINA VISITOUNOS YANNA

PAEA (D/EGO)  
PRIMAVERA



A MO O EMA IA  
A NAI DE OSCAR ENSINOUNOS A FALAR

EDD (VERA)  
EN CHINO

māo gǒu  
GATO CAN

xuè xiào nǐ hǎo  
COLEXIO HOLA  
学校交你好

猫 狗





AI AI DA<sup>o</sup>  
A VIAXE DESDE CHINA

AA<sub>2</sub> OAXOAI (JAPÃO)  
LEVOULLE 20 HORAS

DRAI AE AAPAEDI  
DE RUMANIA ERA ANA QUE MARCHOU

DAVEA SED EOAF  
PARA CUENCA ESTE MES VEUNDS FACER  
UACNA. (PATRICIA)  
UNHA VISITA












As ras.



AS RAS  
(S<sup>o</sup> INFANTIL)  
ESTE TRIMESTRE  
TEVEMOS VAS PLANTADOS  
NA NOSTRA CLASE:



" CULLARAPÓS "



APRENDOINOS QUE  
GOM EN INSECTOS,  
QUE PODEN SALTAR MOI  
LONXE SON AMUROS, E  
FAN A METAMORFOS!  
HAINAS DE MOITAS  
CORES.







# FIXEMOS MURAIŠ, UNHA RA CAZAMOSQUITOSE UN TRABALLO SOBRE ELAS.



MURAL



TRABALLOS



RA CAZAMOSQUITI







## Descubriendo a Kandinsky.



### Descubriendo a Kandinsky

Neste trimestre investigamos cousas sobre o pintor Kandinsky. Naceu en Moscú (Rusia) pero tamén estivo noutros países como Alemaña e Francia. Era amigo de Paul Klee. Pintaba escutando música clásica de Wagner.




Démorlle a benvida a primavera decorando o corredor con árbores e caracóis partindo do cadro "cadrados con círculos concéntricos."








Pintou paisaxes e nos tamén o fixemos



Despois fixo cadros abstractos con liñas, puntos, figuras xeométricas... E estas son algunhas das nosas composicións







¡Juntos nos aventuramos a recrear algunas de sus obras con diferentes materiales (tapones de botellas, cordones, cos, platos de cartón, esponjas, plastilina e pintura). Esperamos que vos gusten, nos pasa-mola xerial.


SOMOS UNS ARTISTAS!

LÍNEAS NEGRAS



Xabi Sofía Kevin  
Samuel  
AITANA

BLANDO E DURO



Diego Florin  
Martín Ángel  
Patricia

CUADRADOS CON CIRCULOS CONCENTRICOS



Zaira Pablo Zeltia  
Raúl Ismael

ALGUNOS CIRCULOS



Niguel Candela Aimar  
Daniela SAUL

COMPOSICION VIII



Carolina Hugo Fabián  
Kira  
Irene

6º EDUCACIÓN INFANTIL (5 ANOS)







## Entroido.



A ONU proclamou o ano **2016** como o **Ano Internacional do Entendemento Mundial** e por este motivo no CEIP Manuel Fraga Iribarne de Cariño comezamos o curso co convencemento de que este era un tema importante desde o punto de vista educativo; e, consideramos que este tema podía ser aproveitado para fomentar a valoración, non só das culturas alleas, senón tamén da propia. Deste modo, decidimos convertelo no eixe fundamental do noso entroido.

Ao longo das semanas anteriores elaboramos no colexio os disfraces que representarán a gran variedade de razas que poboan o mundo; e cada grupo investigou sobre unha delas. Cos nosos traxes fixemos un **gran desfile** para que todos os habitantes de Cariño puidesen gozar con todos nós dunha xornada festiva.

Sáímos do colexio e fomos camiñando ata o final do paseo marítimo onde obsequiamos aos alí presentes cunha pequena lectura dos nosos traballos e degustamos churros e un batido de chocolate.

Aquí amosamos algunhas fotos e transcribimos os traballos realizados polo alumnado.

**NOME DO POBO OU CIVILIZACIÓN:**  
Hindú (Indio)

**SITUACIÓN XEOGRÁFICA E IDIOMA QUE EMPREGAN:** Viven no Sur de Asia. A India limita ao norte con China, ao sur co Océano Índico, ao oeste co Mar Arábico e ao leste co Golfo de Bengala. O idioma é o hindi e inglés.

**MODO DE VIDA:**

A súa sociedade divídese en castas. Os matrimonios son amañados polos pais. A súa vestimenta é sinxela: Dhoti para os homes e sari para as mulleres. Os alimentos básicos elabóranos con arroz e trigo. Nas súas comidas usan moitas herbas e especias. A pementa negra é nativa da India. O seu deporte nacional é o hockei sobre herba.





**NOME DO POBO OU CIVILIZACIÓN:**

Exipcios

**SITUACIÓN XEOGRÁFICA E IDIOMA:**

Vivían no norte de África.

Falaban Exipcio antigo.

**MODO DE VIDA**

Adoraban moitos deuses.

Tiñan escravos.

Construíron pirámides.

Os seus reis chamábanse faraóns.



**NOME DO POBO OU CIVILIZACIÓN:**

Indios Americanos.

**SITUACIÓN XEOGRÁFICA E IDIOMA:**

Vivían en América do norte.

**MODO DE VIDA**

Vestíanse con peles de animais.

As súas casas son os tipis.

Desprázanse a cabalo e en canoa.

Os indios teñen vinchas e os xefes penachos.

Pintaban a cara para asustar os inimigos.



**NOME DO POBO OU CIVILIZACIÓN:**

Masai

**SITUACIÓN XEOGRÁFICA E IDIOMA:**

Son orixinarios de Tanzania e Kenia (África)

Falan o maa e inglés.

**MODO DE VIDA**

Viven en chozas feitas con excrementos de animais, barro e paus.

Crían animais para ter comida e peles.

As vacas son sagradas.

Levan moitos colares.







**NOME DO POBO OU CIVILIZACIÓN:**  
Esquimós formados por Inuit e yupik

**SITUACIÓN XEOGRÁFICA E IDIOMA:**  
Viven en Alaska, Canadá, Groenlandia Siberia.  
Falan linguas inuit

**MODO DE VIDA**  
Viven en iglús feitos con bloques de xeo.  
Comen carne dos animais que cazan; como os osos e focas. Non comen plantas.



**NOME DO POBO OU CIVILIZACIÓN:**  
Chineses.

**SITUACIÓN XEOGRÁFICA E IDIOMA:**  
China está en Asia, é o cuarto país máis grande do mundo e o máis poboado.  
O idioma oficial é o chinés.







**MODO DE VIDA:**  
Está civilización é a máis antiga do mundo.  
Gozan moito cos seus festivais. O aninovo chinés é a celebración máis esperada ano e normalmente cae no mes de febreiro.  
O desfile do dragón é moi importante nesta festa xa que fan desaparecer aos malos espíritos.  
O oso panda é considerado un tesouro nacional. Está en perigo de extinción.  
A súa comida é moi diversa. Comen carne, verduras, froitas e beben moito té..e usan palillos para comer.  
A gran muralla china mide máis de 7000km.



**NOME DO POBO OU CIVILIZACIÓN:**  
Maorí

**SITUACIÓN XEOGRÁFICA E IDIOMA:**  
Viven en Nova Zelandia e Illas Cook.  
Os seus idiomas son inglés e maorí.

**MODO DE VIDA**  
Tiñan unha danza tradicional guerreira, Haka. Hoxe úsase como ritual de benvinda.  
O saúdo maorí chámase Hongui e consiste en pegar fronte contra fronte e nariz con nariz.  
Levan unha tatuaxe tradicional sobre todo na cara, denomínase Moko.





**NOME DO POBO OU CIVILIZACIÓN:**  
Polinesios (A Polinesia)

**SITUACIÓN XEOGRÁFICA E IDIOMA:**  
A Polinesia é un conxunto de preto de mil illas no centro e sur do océano Pacífico. Forman unha especie de triángulo. As máis coñecidas son: Hawai, Tahití, Illas Cook... Teñen moitas linguas distintas: samoano, walisiano, linguas futúricas, linguas elliceanas...



**MODO DE VIDA**

Os polinesios eran bos mariñeiros, construían as súas casas con cana e follas de palmeira. Gustábanlles os bailes e con eles representaban contos sobre natureza, mitoloxía e sucesos da vida cotiá.


**NOME DO POBO OU CIVILIZACIÓN:**  
Tuaregs

**SITUACIÓN XEOGRÁFICA E IDIOMA:**  
Viven no deserto do Sáhara, no norte de África. A súa lingua é o tamashek.



**MODO DE VIDA**

Son un pobo nómade de orixe bereber. Adócanse ao transporte de mercadorías e a gandería. Teñen unha rica e extensa cultura. Chámanse a si mesmos imuhars.







## NOME DO POBO OU CIVILIZACIÓN:

Rusos

## SITUACIÓN XEOGRÁFICA E IDIOMA:

A Federación Rusa (Rusia) comprende a maior parte de Europa oriental e a parte de Asia setentrional.

Os 160 grupos étnicos de Rusia falan nuns 100 idiomas. O ruso é o único idioma oficial a nivel estatal, pero a Constitución concede ás repúblicas de Rusia o dereito para declarar o seu idioma nativo como cooficial xunto ao ruso.

## MODO DE VIDA

A crise económica que afectou a todos os países post-soviéticos nos anos 1990 foi peor que a Gran Depresión. Co comezo do novo século tivo lugar un crecemento económico debido principalmente aos elevados prezos do petróleo, os maiores investimentos no exterior, maior consumo interno e a maior estabilidade política.

Considérase que Rusia está moi por diante da maioría dos países ricos en recursos, desenvolvemento económico, cunha longa tradición en educación, ciencia e industria.



## NOME DO POBO OU CIVILIZACIÓN:

Xaponeses.

## SITUACIÓN XEOGRÁFICA E IDIOMA:

Viven no Arquipélago asiático situado no Pacífico, bañado polo mar de Xapón e mar de China.

A súa capital é Tokio e o seu idioma é o xaponés.

## MODO DE VIDA

A súa moeda é o yen.

A súa forma de goberno é a monarquía dirixida por un emperador.

As relixións máis importantes son os shintoísmo e o budismo.

Ten unha educación moi tradicional, na que se educa aos nenos e nenas para ocultar sentimentos e gardar opinións.

A vestimenta tradicional é o Kimono.

Na casa non levan calzado.



Un disfraz para o Entroido.

DISFRACE DE MASAI EN 10 PASOS



1. Decoramos os pratos con tips de cores



2. Un toque de pintura e fixación



3. Rachamos camisetas vellas en tiras finiñas



4. Coas tiras fixemos colares vistosos



5. Decoramos as cintas da cabeza



6. ...tamén con tips de fécula





7. Recortamos medallas de cartón



8. Forrámolas de papel prata



9. Recortamos pendentos de papel dourado



10. Pintamos os escudos de cartón



Velaí o resultado final



Detalle do grupo





A indumentaria Masai é simple pero moi chamativa. Levan ademais adornos multicolor, pendentes dilatados, colares de avalorios, brazaletes, tatuaxes e pinturas na pel. Transmite enerxía e para eles as cores teñen significados.

**O BRANCO: A PAZ**



**O NEGRO: AS DIFICULTADES**



**O VERMELLO: A FORZA E O VALOR**



**O AZUL: A AUGA**



**O VERDE: O PASTO**



**O LARANXA: A HOSPITALIDADE**



Alumnas e alumnos de 1ºA







# Semana da prensa.

## DÍA INTERNACIONAL DA MULLER TRABALLADORA

Entre o sete e once de marzo celebramos no colexio a Semana da Prensa, e ademais o 8 de marzo é a celebración do Día Internacional da Muller Traballadora, con tal motivo, e para conmemorar ambas datas os nenos e nenas de terceiro de primaria fixeron un traballo de viñetas conmemorativas sobre o Día da Muller, a partir de viñetas de debuxantes de prensa renombrados como: Forges, Luis Dávila, Padilla, Quino...



Iván



Luis




Laura



Marcos




Alba



Yeray





Eric



David



Sara



Alex



Zoe



Antonio



Alejandro







Leo



Kiara



Anxo

Iván e Marcos de J. Morgan  
 Antonio e David de Padylla  
 Dani de Quino  
 Yeray de J.R. Mora  
 Kiara de Enrique Pérez  
 Carmen de Luis Dávila  
 Naiara de Puebla



Carmen



Naiara

A partir de viñetas de Forges elaboraron o seu debuxo:


- Luis
- Laura
- Alba
- Eric
- Sara
- Alex
- Zoe
- Alejandro
- Leo
- Anxo







## Excursión á granxa de Belelle.



Unha excursión moi divertida  
Os menos de primeiro e de segundo fomos de excursión á Granxa Escola de Belelle. Antes de subir no autobús xa estábamos nerviosos e emocionados porque sabíamos que ía ser un día moi especial. Cando chegamos os monitores dividíronnos en equipos e empezou a diversión. Cantas cousas fixemos!







Vimos a un montón de animais. Algúns eran exóticos. Había cabalos, peis, cabras, ovellas, galiñas, patos reais, dromedarios, llamas, un porco enorme... e incluso un macaco! O que máis nos gustou foi ver xinetes e amateiros por un día. Níete portouse xerial - Tamén plantamos guisantes, fixemos pen... e aínda nos quedou tempo para xogar cos nosos amigos. Foi un día inolvidable!









## Visita ao súper Eroski de Cariño.

O alumnado de 3º e 4º foi de visita ao Eroski.

Previo a actividade, fixemos unha actividade para lembrarnos cales son as seccións dun súper, e os produtos que podemos atopar en cada unha delas. Así mesmo, fixemos pequenos problemas matemáticos sobre as mellores opción de compra.



Tamén falamos das "marcas brancas", que algunhas cadeas de supermercados comercializan co seu nome.

Unha vez alí, fixéronnos unha visita guiada aos lugares do súper menos coñecidos por todos: as cámaras frigoríficas, de conxelación, almacén, e, finalmente, seccións e caixa. Na caixa tamén nos explicaron como marcar os prezos dos alimentos que van ao peso/ kg. (froita, verdura...).







Os/as alumnos/as atenderon ás explicacións, e tamén fixeron preguntas



Alumnado na caixa, e tamén nas seccións do súper.







Unha vez rematada a visita, fixemos unha actividade práctica: dividimos as clases en dous grupos, e cada un deles debía facer un menú (tendo en conta, que unha das persoas "imaxinarias" era alérxica ao ovo).

Para isto, debían coller os produtos, analizalos e meter os datos nunhas táboas: alimento-marca-cantidad-prezo- data de caducidade. En xeral, desenvolveron con rapidez a actividade, mirando a opción máis económica en cada caso, moderados os grupos polas titoras.





Como remate da sesión, fixemos a compra da merenda dese día, unha peza de froita, iogur bebible e galletas. Ademais, levamos o tique de compra para podelo analizar na aula! Ao saír, agradecemoslle a Miriam, a encargada de facernos a visita no súper, a súa boa disposición.

Ao chegar de volta ao colexio, fixemos outras actividades relacionadas coa visita: analizar as táboas, calculando o prezo total dos menús, e o cálculo do peso total da compra.



Alumnas e alumnos de 3º e 4º







## Entrevista.



### Entrevista con Emily Jolly / An interview to Emily Jolly



**ESPIGONCIÑO:** Hoxe temos con nós a Emily Jolly. Emily é a auxiliar de conversa deste ano no noso colexio. Bo día e benvinda, Emily. / Today we have Emily Jolly with us. Emily is our school's language assistant this year. Good morning and welcome, Emily.

**EMILY JOLLY:** Grazas! / Thank you!

**ESP:** Falas Galego ou español? / Do you speak Galician or Spanish?

**EJ:** Non falo Galego e falo só un pouco de español. Non moito. / I don't speak Galician and I speak a little bit of Spanish. Not much.

**ESP:** Entón. De onde eres? / So, Where are you from?



**EJ:** Son de Nova Zelandia / I'm from New Zealand.

**ESP:** Ónde está Nova Zelandia? / Where's New Zealand?

**EJ:** Nova Zelandia está no hemisferio sur e está xusto debaixo de Australia. / New Zealand is in the Southern Hemisphere and it's just below Australia.

**ESP:** Cómo é o clima en Nova Zelandia? / How's the climate in New Zealand?

**EJ:** O clima en Nova Zelandia é moi parecido ao clima aquí, en Galicia. / The climate in New Zealand is very similar to the climate here, in Galicia.

**ESP:** Cómo se chama a túa cidade? / What's the name of your town?

**EJ:** A miña cidade chámase Hamilton. / My town is called Hamilton.

**Mapa de Nova Zelandia. Hamilton está situado na Illa do Norte.**

**ESP:** Son España e Galicia moi diferentes do teu país? / Are Spain and Galicia very different to your country?

**EJ:** España é moi diferente pero Galicia é probablemente o parte de España máis similar ao meu país. / Spain is very different but Galicia is probably the most similar in Spain to my country.

**ESP:** A xente en España sabe moito de Nova Zelandia? / Do people in Spain know much about New Zealand?

**EJ:** Sorprendentemente, sí. Creo que sí. Non tanto como... digamos a xente de Australia. / Surprisingly, yeah. I think they do. Not as much as... say, people from Australia.





**ESP:** Hay algo en España diferente ao que imaxinabas? Qué che chocou do noso país? / Is there anything in Spain different to what you imagined? What thing about our country shocked you?

**EJ:** Probablemente a comida. A comida é o máis diferente de España comparado con Nova Zelandia. Tedes moita comida diferente comparado con nós. / Probably the food. The food is the most different thing about Spain compared to New Zealand. You have a lot of different food compared to us.

**ESP:** Por qué viñeches a España? / Why did you come to Spain?

**EJ:** Porque nunca estivera en Europa antes, escoitara moitas cousas boas de España e quería experimentar unha cultura diferente por min mesma. / Because I'd never been to Europe before, I've heard a lot of good things about Spain and I wanted to experience a different culture on my own.

**ESP:** Canto tempo estarás en España? / How long are you staying in Spain?

**EJ:** Pois... Cheguei aquí en xaneiro e marcharei a finais de maio. Así que son 5 meses. / So... I arrived here in January and I'll be leaving at the end of May. So that's 5 months.

**ESP:** Xa sabías cousas de Europa? / Did you already know about Europe?

**EJ:** Sí, xa sabía de Europa. / Yes, I already knew about Europe

**ESP:** Cantos anos tes? / How old are you?

**EJ:** Teño 23 anos. / I'm 23 years old.

**ESP:** Traballabas ou estudabas antes de vir a España? / Were you working or studying before coming to Spain?

**EJ:** Estaba estudando antes de vir a España. Estudei 4 anos na Universidade de Hamilton. / I was studying before I came to Spain. I studied for 4 years at University in Hamilton.

**ESP:** Qué estudaches? / What have you studied?

**EJ:** Estudei marketing. Investigación de mercados. / I studied marketing. Market research.

**ESP:** Gústanche os animais? Tes mascotas? / Do you like animals? Have you got any pets?

**EJ:** Sí. Teño... uns 3 cans e un gato. / Yes. I have... may be 3 dogs and a cat.

**ESP:** Fas algún deporte? / Do you do any sports?

**EJ:** Sí. Na miña terra fago equitación, que consiste en montar a cabalo. / Yes. At home I do equestrian, which is riding horses.

**ESP:** Cáles son as túas aficións? / What are your hobbies?

**EJ:** Gústame montar a cabalo e tamén camiñar e ir de camping. / I like horse riding and I like tramping and camping.

**ESP:** Cál é a túa música favorita? / What's your favourite type of music?

**EJ:** En realidade non teño unha música favorita. Gústame... todo tipo de música relamente. / I don't really have a favourite type. I like... all types of music, really.



**Na clase de plástica Emily ensinounos como facer os "poi". Trátanse dunhas bolas ou mazas que os maorís de Nova Zelandia utilizan nas súas danzas.**







**ESP:** Cántanos algo da túa familia. / Tell us something about your family.

**EJ:** Na mina familia sonvos moi altos (a maioría deles). A miña nai e baixiña pero hai xente moi alta na miña familia. / My family are very tall –most of them– My mum is very short but there's a lot of very tall people in my family.

**ESP:** A nós gústanos terte aquí. Gústache traballar con rapaces? / We like having you here. Do you like working with kids?

**EJ:** Sí, encántame. / Yes, I love it.

**ESP:** Cres que o programa de Auxiliares de Conversa é positivo para ti e para nós? / Do you think the Language Assistants Programme is positive for you and us? Why?

**EJ:** Sí. Creo que sí. Porque sinto que tiven máis oportunidades deste xeito e coñecín xente que non tería coñecido se tivese vido aquí coma turista. / Yeah, I think it is. Because I feel like I've had more opportunities from this and met people that I wouldn't have met if I had just come here as a tourist.



**ESP:** Emily, grazas por adicarnos o teu tempo. Agardamos que disfrutes o teu traballo con nós na nosa escola. / Emily, thank you for your time. We hope you enjoy working with us in our school.



**EJ:** Oh, Grazas! / Oh, thank you.



**A nosa redactora Antía entrevista a Emily Jolly para *O Espigonciño*.**





## Actividades do Equipo ACE.



### INTRODUCCIÓN:

O equipo de actividades complementarias e extraescolares encárgase de promover, organizar e falcitar a realización de actividades e conmemoracións en colaboración con todo o centro educativo, o concello e outras institucións.

Teñen carácter de complementarias aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espacio o recursos que utilizan.

Considéranse actividades extraescolares aquelas que, sendo organizadas polo centro, entidades sen ánimo de lucro, asociacións culturais, concello, etc.. e figurando na programación xeral, realízanse fóra do horario lectivo. A participación nelas será voluntaria. (O. do 22 de Xullo de 1997)

### ACTIVIDADES:

Ao longo do curso o equipo Ace en colaboración co Concello e as familias, veu a desenvolver as seguintes actividades:

#### -25 de Novembro "Día contra a violencia de Xénero"

Elaborouse un lazo xigante, que se encheu en colaboración coas familias de mensaxes a favor da igualdade de xénero.

A educadora familiar visitou o centro ese día, para realizar diferentes lecturas, actividades e visionado de curtometraxes con todas as aulas.

#### -30 de Xaneiro "Día da paz"

Para esa data con motivo do ano do "Entendemento mundial" (declarado polo Unesco), a nosa proposta versou na realización dun mapamundi no que fomos traballando diferentes etnias e pobos do mundo. Recollimos información sobre cada un deles, e localizámoslos no mapa,.

Tamén cada aula fixo un boneco representando o pobo escollido.







Despois do visionado duns cortos relacionados coa temática da actividade, os alumnos do centro fixeron unhas danzas do mundo preparadas polos mestres de Educación Física e Psicomotricidade.

## -8 de Marzo "Día da muller traballadora"

Na entrada do colexio expuséronse diferentes fotos prestadas polo concello, nas que aparecían mulleres de Cariño, realizando diferentes actividades relacionadas con momentos de traballo



## -Recreos Activos:

Coa finalidade de ofrecer opcións de entretemento e de aproveitamento dos momentos de lecer, así como de favorecer a convivencia e a socialización dos nenos, este curso puxemos en marcha a actividade dos Recreos Activos.

Os días de chuvia nos que os nenos teñen que estar no patio cuberto, poden por cursos, e coa axuda de nenos-colaboradores, xogar con una selección de xogos adecuados a idade dos nenos e que favorecen o traballo en equipo.





## Traballando o "Stop Motion".





Stop motion é unha técnica de rodaxe baseada en continuas tomas fotográficas, onde cada plano vai variando creando unha animación, coma nos debuxos animados. Neste caso, decidimos facer a animación en "plano", xa que os movementos dos personaxes son máis doados de facer.

Aproveitando a homenaxe a Manuel María e con motivo da celebración das **Letras Galegas 2016**, centramos a nosa participación e traballo en poemas do autor, do tan coñecido libro "Os soños na gaiola".

Para isto, puxémonos en marcha, por aulas (3º e 4º) divididos en grupos.

Primeiro veu o "storyboard", que son os debuxos sobre como imos organizar o poema que queremos contar, e, despois, o deseño dos escenarios e personaxes (para que sos movementos exan máis reais, é importante facelos articulados...).

Nestas imaxes hai algúns guións gráficos (storyboard). Normalmente nela aparecen os diálogos que terán entre sí os personaxes da historia que contamos, pero, neste caso, só puxemos os poemas, xa que non hai interacción.



Todos fixemos o mesmo proceso, coa axuda doutros mestres, gravamos, estrofa a estrofa o audio dos poemas.







Nas imaxes de arriba, o alumnado elaborando os escenarios e personaxes.  
 Nas imaxes de abaixo, o alumnado comezando a preparar a animación (tendo tamén en conta a iluminación, os movementos...).

Se queredes probar a animar, basta con ter dispoñible unha tablet ou teléfono móbil (é unha aplicación gratuita) para traballar con ela foto a foto... Pero tamén é necesario ter moita paciencia, e a sacar polo menos 300 fotos! Para facer unha boa montaxe de video tivemos moita axuda de Jesús e Cris, que nos axudaron a editar o video para poder facer unha boa presentación, e a gravar o audio en grupos pequenos.








# O EPIGONCIÑO, XORNAL ESCOLAR DO COLEXIO DE CARIÑO.



Podedes ver os personaxes e escenarios expostos, na entrada do colexio. E todo isto (en total, 12 curtametraxes, 6 de 3º, e outras 6 de 4º) verédelo o día de celebración das Letras Galegas, o 20 de maio, e posteriormente, na web do cole!







## Actuación de ALVIES.

O pasado 30 de abril, sábado, o Grupo ALVIES agasalounos cunha actuación coa finalidade de recadar fondos para axudar á Viaxe de Fin de Primaria dos alumnos de 6º. Esta actuación xa fora programada para as pasadas vacacións de Semana Santa, pero o pasamento do pai dun dos membros da banda obrigounos a un aprazamento. Desde estas páxinas queremos aproveitar a ocasión para remitir unha aperta a Cristina, a Belén e Fernando, estes dous antigos alumnos do Centro.

O concerto, que tiña suscitada unha singular expectación, celebrouse no Auditorio Municipal, congregando arredor de cento trinta persoas, unha afluencia estimable, a pesares de coincidir con outras celebracións na vila, o que nos leva a enviar os nosos parabéns aos equipos do CD Cariño, nas súas seccións de infantil e cadete, brillantes gañadores das súas respectivas ligas.

Un pouco máis tarde das dez, e despois dunha inicial presentación en verso feita por Natalia e Uxía, alumnas de sexto, arrincou unha espectacular sucesión de sons, ritmos, e música en estado puro: *Heroes, Use Somebody, The road to hell, Hotel California, Streets of Philadelphia, Princesa, La chica de ayer, Pacto entre caballeros...* ata rematar cunha coral interpretación de *La Bamba*. Versións dos máis coñecidos éxitos de Dire Straits, U2, Metallica, Bruce Springstein, Sabina, Manolo Tena... cheas de personalidade propia e co selo persoal de ALVIES sucedéronse durante máis de dúas horas ante un público entusiasta e cómplice. Cando soaban os acordes da fermosísima balada *Sultans of Swing*, Natalia e Uxía volveron ao escenario para presentar aos compoñentes do grupo, o que seguiron facendo en verso, ao máis puro estilo sabiniano. Nando Pita, Andrés Balado, Alberto Fraguela, Fernando Manteiga e Jesús Gil eran os protagonistas iniciais do



concerto, pero cando levaban interpretadas as primeiras cancións tiveron a delicadeza de facer subir ao escenario a dous novos integrantes: Javi, fillo de Jesús, e Noa, filla de Andrés. Unha verdadeira delicia contemplar como dúas xeracións compartían interpretación, e a demostración de que hai unha canteira produtiva. Debemos resaltar que non hai un ano, Noa era alumna de



sexto e participante nunha viaxe idéntica á que motivaba este concerto. A súa presenza sobre o escenario significada unha singular relación entre o espectáculo e a finalidade do mesmo.





horario laboral, das distancias que tiveron que percorrer e doutros obstáculos que houbo que superar, o que fai que a nosa gratitude sexa máis fonda, sobre todo se consideramos as dificultades económicas polas que atravesamos unha gran parte da sociedade, que se reflexan na dificultade para afrontar un proxecto tan ilusionante para nenas e nenos de sexto. Eles, como antigos alumnos do Centro, e como participantes en viaxes similares, souberon ser receptivos e sensibles á nosa

petición. Desexámoslles os maiores éxitos na súa vida persoal, familiar e musical. E para rematar esta reseña, nada mellor que facelo cos derradeiros versos da presentación feita por Natalia e Uxía.

Desde as páxinas desta publicación escolar queremos agradecer de corazón a colaboración tan desinteresada do grupo. Somos conscientes da envergadura da montaxe, das dificultades para compaxinar

**Durante máis de dúas horas prestade moita atención e gardade na memoria os sons desta actuación: hoxe é un día para a historia.**




**Alumnas e alumnos de 6º**







## Biblioteca.



### EQUIPO DE BIBLIOTECA

Ola a todas/os, como ben sabedes neste curso 2015-2016 Multileo e os seus colaboradores tiveron moito, moito traballo. A continuación daremos mostra das actividades realizadas dende o Equipo de Biblioteca.

- Para conmemorar o Día de Rosalía realizouse un traballo colaborativo entre os diferentes cursos do Colexio Manuel Fraga Iribarne que consistiu na elaboración dunha poesía.

Aquí vos deixamos unha copia da poesía.

A RAPAZADA DE CARIÑO  
VILA MARIÑEIRA E SINGULAR  
QUERE HOMENAXEAR CON AGARIMO  
ÁS XENTES DOUTRO LUGAR.

DE CARIÑO ATA ALMERÍA  
DESDE TARIFA HASTA FRANCIA  
DICÍMOSVOS, OS DE SEXTO,  
PRACTICADE A TOLERANCIA.

OS NENOS DA CLASE DOS POLBOS  
POLO ENTROIDO DE EXIPCIOS NOS  
VESTIMOS, MOMIAS, PIRÁMIDES E  
FARAÓNS COÑECEMOS A MONTÓNS

AOS INDIOS AMERICANOS  
CON LEDICIA QUEREMOS SAUDAR  
AS NOSAS MANS LEVANTAMOS  
E UN BICO LLES IMOS MANDAR.

TAN PEQUENO E FERMOZO  
COMO A ESCUMA DO MAR  
ACOMPÑA AOS MARIÑEIROZ  
CO SEU CABO ORTEGAL.

RUMANO, CHINO, BRASILEIRO...  
UN NENO DE CADA LUGAR  
HAI NA CLASE DE TRES ANOS  
E QUERÉMOLO CELEBRAR.

AO ALUMNADO DE TERCEIRO  
TOCOUNOS IMITAR  
AOS MAORIS DE NOVA ZELANDA  
PARA A "HAKA" BAILAR  
DENDE OS MARES DO PACÍFICO  
OS POLINESIOS QUEREMOS AGRADECER  
BAILÁNDOLLE A CARIÑO CON BO RITMO  
ANIMANDO ÁS XENTES ATA O AMENCER!





NENOS E NENAS QUERIDOS,  
COÑECIMOS AOS MASÁI  
E APRENDIMOS DAS TRIBOS  
QUE XENTE MÁIS LEDA NON HAI.

AOS NENOS DESTE PRIMEIRO  
TOCÁRONLLES OS ESQUIMÓS  
GUAPOS E MOI ABRIGADIÑOS  
REPRESENTÁMOLOS SEN TIRITÓNS.

VINTEDOUS CHINESES FOMOS CELEBRAR  
CUN DRAGÓN XIGANTE A CARÓN DO MAR  
E ALÍ CANDO ESTÁBAMOS TODOS A  
BRINCARCHEGARON OS CHURROS ANTES  
DE XANTAR!

EN QUINTO B ESTE CURSO  
A RUSIA REPRESENTAMOS.  
É UN POBO TAN DIVERSO  
COMO EXÓTICO E LONXANO.

PAZ, CARIÑO, COMPRENSIÓN  
IRMANDADE, SIMPATÍA,  
VIVÁMOLOS CON PAIXÓN,  
CADA HORA, CADA DÍA.

IGUAIS COS NOSOS IGUAIS,  
SEREMOS TODOS BOA XENTE.  
COMPRENSIVOS COS DE MAIS  
ENTENDENDO AOS DIFERENTES

- O Pasado 30 de Marzo recibimos a visita da Ilustradora e Escritora de contos infantís, Estefanía Padullés, autora, entre outros, dun conto moi coñecido para os nenos/as do noso Colexio xa que, na entrada do Centro, realizaron un fermoso mural do conto titulado "EL GATO KLOPS".

A actividade programada consistiu na presentación e relato dun conto para as nenas/os de Educación Infantil.

Para os rapaces e rapazas de Educación Primaria a actividade consistiu na explicación do proceso de elaboración dun conto dende as ideas que xorden ó inicio, as primeiras ilustracións ata a súa impresión.







- O 13 de Abril do 2016 ten lugar a Inauguración do Espazo adicado ós nenos e nenas de Educación Infantil na Biblioteca.

A actividade realizada consistiu nunha pequena presentación na que Multileo, a nosa mascota da Biblioteca lles explica brevemente o que é unha biblioteca e a importancia dos contos, relato dun conto e visionada dunha Curtometraxe de Animación á Lectura; "O neno comelibros", por último, a mascota da biblioteca, Multileo, agasallou a cada neno cun diploma e unha réplica en pequeno de Multileo para as aulas.





- O 21 de Abril acudimos ó Auditorio do Concello de Cariño á presentación do espectáculo "Libros Encantados", de Majín Blanco. Acudiron os nenos e nenas de Educación Infantil e 1º e 2º de Educación Primaria.



- Para finalizar dicir que dende a biblioteca continuamos a facer moitos préstamos, deixámosvos unha listas dos libros máis lidos polos rapaces e rapazas do Colexio de Cariño.

**LIBROS**

Animales juguetones. Mira que orejas.	Os bolechas. A rúa.
A voda dos ratos.	Con locura.
La vaca que puso un huevo.	Os bolechas. O autobús escolar.
Os bolechas. Animais domésticos.	O gato lambón.

UN SAÚDO DENDE O EQUIPO DA BIBLIOTECA







## Telexornal.



Do 7 ao 11 de marzo deste ano 2016 celebramos a SEMANA DA PRENSA na nosa biblioteca.

Con este motivo decidimos editar o noso propio **telexornal**. Deste xeito aprendemos o difícil que é para a xente da "tele" organizar as cousas para sacar adiante un programa e todo o que hay "detrás da noticia".

Como moitas veces os telexornais non traen novas moi amables, neste telexornal tentamos de redactar noticias en tono humorístico e positivo.

O primeiro que se fixo foi asignar a cada grupo unha sección do telexornal, xa que hai moitas como nacional, internacional, o tempo ou os deportes. Despois redactáronse os textos das noticias.



Mentras tanto fomos preparando o set ou estudio onde gravaríamos o telexornal. Non era un estudio real, era de mentira. Ou como se di agora, virtual. Para facelo usamos a técnica

do "croma" de fondo verde. Todo se gravou diante dese fondo que non era máis que unha tea desá cor. Máis adiante, na edición do vídeo, substituíríase ese fondo verde polos fondos axeitados en cada caso.



Unha vez que o estudio virtual estivo preparado os distintos grupos escolleron os presentadores ou actores que aparecerían nos vídeos, ensaiaron o seu papel e foron pasando polo estudio para grabar as escenas.

Tendo xa todo o material grabado, misturouse e editouse todo, engadindo música, títulos e outros elementos e sacouse o vídeo final.



A través desta nova experiencia traballamos a expresión escrita e a redacción, aprendemos a falar e usar a nosa voz articulando ben as palabras e decatámonos de que elaborar un telexornal non é fácil e ten moito traballo detrás.

O vídeo co resultado do noso traballo pódese ver nesta ligazón:

<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmanuelfraga/node/710>





## Obradoiro de reciclaxe de camisetas.



Customización e reciclaxe de camisetas. Durante o mes de maio levouse a cabo un obradoiro de reciclaxe de roupa. Este consistirá en que cada neno e nena pinte a súa propia camiseta e lle insira unha frase feita en galego que estea en relación co coidado do medio ambiente.



### Material necesario

Un anaco de cartón ou cartolina  
Rotuladores para decorar tecidos.  
Chinchetas  
Un modelo co debuxo  
Un ferro

1. Coloca un cartón debaixo da superficie do tecido que vas decorar, manténdoo teso e sen engurras.



2. Coloca o modelo no centro e suxéitaa cunhas chinchetas para que non se mova.



3. Pinta e decora o debuxo utilizando os rotuladores para tecidos.



4. Unha vez seco, coloca un papel en cada cara do debuxo e pasa o ferro quente durante 3-4 minutos para fixalo.







## O recuncho da cociña.



Aquí tedes unhas saborosas receitas que dous alumnos vos ofrecen para goceades cociñando e comendo.

### CALDEIRADA GALEGA



#### INGREDIENTES:

4 anacos de peixe sapo  
4 anacos de pescada  
1 sargo  
12 mexillóns  
300 gr ameixas  
300 gr de gambas  
caldo de peixe e marisco  
5 patacas  
1 cebola  
1 pemento vermello  
1 tomate  
azafrán  
perexil  
mollo de tomate  
aceite  
sal

#### ELABORACIÓN

- Nunha cazola, botamos a cebola, o tomate, o pemento vermello, as patacas e pasamos todo un pouco pola tixola.
- Botamos dúas culleradas de pemento, botamos o caldo de peixe e marisco, o salsa de tomate e o azafrán.
- Cando estean as patacas botamos os peixes e marisco.
- Botamos o perexil picado e cocemos uns 5 minutos todo xunto.

Jose Freire Lobo 4º

### SOBREMESA: TORRADAS



#### INGREDIENTES:

unha barra de pan  
un litro de leite  
125 gr de azucre  
4 ovos  
canela

- Corta o pan en rodas que non superen un grosor de 2 cm.
- Nun recipiente á parte verte o leite temperado e incorpora o azucre e a canela ao gusto, mais ben que quede doce. Remove ata que o azucre e a canela se disolvan por completo. Noutro recipiente bate os ovos.
- A continuación pon unha tixola con aceite a quentar.
- Emborracha ou empapa as rodas de pan no leite. Despois pásaa polo ovo e bótaas na tixola para fritilas.
- Por último, vainas poñendo unha fonte e espárese o azucre por riba.

Ángel Pardo Bardanca 4º





## Deportes.



### Carreira campo a través en O Barqueiro

O día 1 de marzo fumos a unha proba de campo a través en O Barqueiro, xa sabemos que o importante é divertirse, pero tamén hai que destacar os esforzos dos que participamos, e por riba gañamos !!!



### Liga de fútbol.



Os equipos Infantil e Cadete do CD Cariño resultaron campións do Torneo delegación de Ferrol. Parabéns aos gañadores e gañadoras.

### II Raid de aventura de Cariño.

O Raid de Aventura é unha proba con varias disciplinas de resistencia e orientación, a condición máis importante é que non se poden utilizar medios motorizados, é dicir, prohibido usar medios de transporte con motor !!!!

As persoas participantes non coñecen o percorrido, aínda que o único importante é pasar polos puntos de control, pois non hai un itinerario fixo.

Na competición de Cariño había orientación a pé, bicicleta btt, kaiak, trekking e unha proba de cordas.



Foto: Diario de Ferrol

Máis información:

**Concello de Cariño:** <http://concellodecarino.com>

**Federación galega de orientación:** <http://fegado.es/>

**Federación española de orientación:** <http://www.fedo.org/web/>







Entrevista a **Ángel García García**, todo un campión en probas de RAID.  
Quen é Ángel García García?, le e asómbtrate...

- 3 veces campión de España de Raid de Aventura.
- 2 veces campión de España de bici de orientación.
- 5 veces campión da Liga Española de Raid.
- 2 Copas do Mundo de Raid de Aventura.
- 3º na proba da Copa do Mundo disputada en Galicia.
- 5º no Europeo de orientación en bici.



Foi membro da organización do Raid de Aventura de Cariño e o día 8 de abril deu unha charla no colexio ao alumnado de 5º.

Esta entrevista a fixemos en castelán pois Ángel é de Salamaca, e logo a pasamos a galego.

**Primeiro agradecerche que nos permitas facer esta entrevista, e se podes explicarnos con poucas palabras que é un Raid de Aventuras.**

Os Raid de Aventura son unha combinación de dúas ou máis disciplinas deportivas de resistencia con base na orientación con mapas, carreiras a pé, ciclismo de montaña, piragüismo, tiro con arco, escalada e habilidades relacionadas coas cordas.

**Pregunta: É importante ser bo en todas as probas?**

Resposta: Non. O importante é ser polivalente, tentar ser o máis completo posible e mellor nos deportes que non se che dan tan ben. Ao ter que practicar tantos deportes sempre hai algún que non che gusta tanto e é no que tes que esforzarche en mellorar.



**Que proba dáseche mellor?**

A bicicleta de montaña e o kaiak. Sempre me gustaron e foime ben.

**Como empezaches con este deporte?**

A través dun compañeiro do clube de piragüismo que me deu a coñecer este deporte.

**Que roupa levas para as probas? Que obxecto consideras imprescindible?**

Roupa é case sempre a roupa da bici coa que competimos a non ser que sexan etapas longas onde sempre é recomendable ir coa roupa adecuada. Obxecto imprescindible é sempre todo aquel que sexa por seguridade: manta térmica, botiquín

**Cal é a peor situación na que che atopaches, ou cando máis medo pasaches?**

Medo non cheguei a pasar por sorte, pero cando algún compañeiro do equipo ou o teu mesmo sofre unha caída ou algún desfalecemento sempre son momentos duros nos que o equipo debe saber como actuar.

**Se perdedes o mapa e o compás, que facedes?**

Sempre levo compás de reserva e sempre hai que tentar que o mapa sufra o menos posible, poñelo a resguardo na funda estanca que sempre levamos en carreira. Nunca me atopei na situación de perder algunha das dúas cousas, por sorte.

**Que che pareceu a proba de Cariño?**

Unha proba realizada con moito agarimo e nunha contorna espectacular. A organización estivo moi ben e os equipos gozaron moito, iso é o importante.

**Que outros deportes practicas?**

Practico moitísimos deportes: patíns en liña, escalada, rapel, tiro con arco, bicicleta de montaña e estrada, trail running, piragüismo, natación

**A que idade recomendas empezar a practicar este deporte?**


A practicar deporte a modo de diversión desde pequeno 4-5 anos e a modo de competición a partir dos 15-16 anos. O realmente importante é: "que xa sexas un deportista profesional ou un deportista afeccionado, o máis importante é que nunca esquezas que o estás facendo porque gústache".

Grazas pola entrevista e tamén pola charla que diches no colexio e que axudounos a coñecer este deporte.


Alumnas e alumnos de 5º



# Pasatempos.




Une os puntos seguindo a orde dos números.






# O ESPIGONCIÑO





LETRAS  
GALEGAS  
2015



MANUEL

SAÚL  
MARÍA 5 ANOS